



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 10 DE SETEMBRO DE 2024

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día dez de setembro de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO (que se ausenta do salón de sesións no momento que se expresa nesta acta)
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPÍÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Non asisten á sesión o Sr. concelleiro do grupo político de UxC, D. Daniel Mallo Castro, e a Sra. concelleira do grupo político do BNG, D.^a María Teresa Prieto Miramontes.

Asiste á sesión a interventora accidental, D.^a Sonia Machín Herranz, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 10 de setembro de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202409100900440000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

ÚNICO.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA PRESENTADA POR DAVID LÓPEZ SABORIDO AO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE CAMBRE

Acceso á videoacta – 00:00:36 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta de Alcaldía, de data 5 de setembro de 2024 (CVD: REE2hIBpvol8ydH1O5eO), que transcrita di:

“PROPOSTA

Visto o escrito presentado por David López Saborido en data 2 de setembro de 2024 (entrada 202499900005657) no que expón:

«(.../...) EXPONE

Que hoxe a data 02/09/2024 notifico a miña dimisión como concelleiro do Concello de Cambre, e dende o martes día 03/09/2024 se faga efectivo o meu cese como concelleiro de Cultura, Deportes e Xuventude do Concello de Cambre.

SOLICITA

Que se proceda a facer os trámites oportunos para que dende o día 03/09/2024 se faga efectivo o meu cese como concelleiro do Concello de Cambre.
Gracias por todo..»

Considerando o disposto no artigo 223.4ª da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, segundo o cal:

“Quien ostente la condición de miembro de una Corporación Local perderá su condición de tal por las siguientes causas:

(.../...)

4ª Por renuncia, que se hará efectiva por escrito ante el Pleno de la Corporación.”

Considerando que a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral dispón no seu artigo 182 que no caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun concelleiro, o escano atribuírase ao candidato ou, no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda atendendo á súa orde de colocación.

Visto que de acordo coa candidatura de Unión por Cambre (UxC) ás eleccións locais do 28 de maio de 2023 (publicada no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2023), correspondería cubrir a vacante a Gloria Mosquera Roel, que ocupa o número 9 da lista de candidatos.

Visto o escrito presentado por Gloria Mosquera Roel en data 3 de setembro de 2024 (entrada 20240000004240) no que expón:

«(.../...) **EXPONE:**

- 1.- Que conoce que el Concejel de este Ayuntamiento de Cambre, don David López Saborido presentó renuncia a su condición de tal en fecha 2 de septiembre de 2024.
- 2.- Que la que suscribe ocupa el número 9 de la lista de candidatos presentada por Unión por Cambre (UxC) a las elecciones locales de 28 de mayo de 2023, por lo que le correspondería cubrir la vacante que se produzca una vez tome conocimiento de dicha renuncia el Pleno de la Corporación.
- 3.- Que por motivos personales que me impiden atender los deberes propios que implicaría el cargo, y de acuerdo con la Instrucción de la Junta Electoral Central 3/2023, de 10 de julio presento mi **RENUNCIA a ser proclamada concejala electa del Ayuntamiento de Cambre.**

Por lo expuesto, **SOLICITO:**

Que teniendo por presentado este escrito y por hechas las manifestaciones contenidas en el mismo, previos los trámites que procedan, sea tramitada mi renuncia a los efectos de que proceda al relevo mediante los candidatos siguientes de la lista electoral por la que fui elegida, adjuntando al presente fotocopia autenticada del Documento Nacional de Identidad»

Vista a comparecencia de Gloria Mosquera Roel perante a secretaria xeral, ás catorce horas do día 3 de setembro de 2024, na que se ratificou na renuncia presentada.

Vista a Instrucción 3/2023, do 10 de xullo, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais (BOE núm. 171, do 18 de xullo de 2023), segundo a cal:

“**Primero.**- Sustitución mediante candidatos siguientes o suplentes.

(.../...)

2. En el supuesto de que la persona llamada a cubrir la vacante, renuncie a su vez a ser proclamado electo, habrá asimismo de remitirse a la Junta Electoral competente el escrito de renuncia presentado para su toma de conocimiento por ésta y proceder en consecuencia. (.../...)”

Considerando que o artigo 19.1 da citada Lei orgánica no seu apartado 1) dispón que, entre outras competencias, corresponde á Xunta Electoral Central expedir as credencias aos/ás concelleiros/as no caso de renuncia, unha vez rematado o mandato das xuntas electorais provinciais ou de zona.

Por todo isto, **PROPONSE:**

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado por David López Saborido ao cargo de concelleiro do Concello de Cambre.

Segundo.- Comunicar esta circunstancia á Xunta Electoral Central, comunicándolle a renuncia a ser proclamada concejala electa presentada por Gloria Mosquera Roel, número 9 da lista de candidatos presentada por Unión por Cambre (UxC), e propoñer que se expida credencial a prol de Óscar Tomás Barrientos Morales, membro integrante da candidatura de Unión por Cambre presentada nas eleccións celebradas o 28 de maio de 2023 co número 10, ou no caso de renuncia del ou dalgún do/s candidato/s seguintes da lista, a quen corresponda atendendo á súa orde de colocación.



Terceiro.- Remitir á Xunta Electoral Central copia dos escritos de renuncia presentados por David López Saborido e Gloria Mosquera Roel, así como copia da comparecencia desta última realizada perante a secretaria xeral do Concello de Cambre.”

Aberta a quenda de intervencións, interveñen os/a voceiros/a do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández, do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, do grupo municipal do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, do grupo municipal de AV, Sr. Varela Fraguío, o concelleiro de UxC, Sr. López Saborido, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Cando son as once horas e catorce minutos abandona a sesión o Sr. López Saborido.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 5 de setembro de 2024 (CVD: REe2hIBpvol8ydH1O5eO), que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás once horas e dezaseis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

A presidenta

(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo